




|| o órgano da compañía, doutra maneira ||

27 e 29 de maio e 4 de xuño de 2008  
Igrexa da Universidade, 20.30 horas

**programa**



**Organiza:** Vicerreitoría de Cultura da USC

**Idea e produción:** Sirgo Torcendo

**Colabora:** Cineclub de Compostela

**Deseño e maquetación:** Miramemira

**Imprime:** Unidixital

O *órgano da Compañía, doutra maneira*, pretende dar vida a este valioso instrumento musical, patrimonio da Universidade e da cidade de Compostela, permitindo un achegamento diferente, fóra do convencional, á súa música e ás súas posibilidades e recursos acústicos e expresivos.

Da man do *Oman Consort*, un dos grupos especializados na música barroca máis recoñecidos do panorama internacional, faremos un percorrido musical polo barroco. Música para órgano e para conxunto instrumental: clave, frautas de bico, guitarra barroca, colascione e fagott barroco. Un paseo pola Europa xentil, amorosa e gallarda, ao tempo que tormentosa, colérica e airada do 1700.

O órgano permitiranos, ademais, poñer música a unha película de cinema mudo, *Zemlya (A terra)*, de Alexander Dovjenko, URSS, 1930; improvisación musical para órgano e guitarra eléctrica, nunha combinación tan inusual como versátil e sorprendente.

Ademais, asistiremos a unha charla-concerto para diversos instrumentos antigos de tecla presididos polo órgano barroco da Igrexa da Universidade, que nos permitirá coñecer de cerca a evolución e as tipoloxías destes instrumentos e os repertorios para os que eran empregados na súa época.

O noso convidado, o órgano da Igrexa da Compañía foi construído en 1801 polo compostelán José Sanz, para o Colexio de Capeláns de Sancti Spiritus, que celebraba entón os seus cultos no templo. Foi restaurado polo taller de organería de Gerhard Grenzing en 1998. Situado no coro alto da igrexa, no lado esquerdo, o órgano é de tipo polifónico con teclado único de ventá, e destaca polos seus vintecatros xogos, que inclúen sons afrautados, címbalas, cornetas, trompetas reais ou claríns, entre outros. Se ben tardío, segue a representar as características propias do órgano barroco español.



**martes 27 de maio, 20.30 horas**

**Oman Consort**

**Flutes' Paradise  
Contos musicais do Barroco**

**(Música para órgano e conxunto instrumental)**

Michael Oman, dirección e frauta de bico  
Daniel Oman, guitarra barroca e colascine  
Wolfgang Heiler, fagott barroco  
Martina Schobersberger, órgano e clave





## **Flutes' Paradise**

### **Contos musicais do Barroco**

“Flutes' Paradise”, encandílanos cun mundo de xoias musicais, da man do virtuoso frautista austríaco Michael Oman, acompañado polos igualmente virtuosos sons do clave, o brioso e rítmico son da guitarra barroca e o grave ton do fagot barroco. Un espléndido e colorido programa que garantizará o pracer para os oíntes que farán ademais un paseo musical polo Barroco. Un cadoiro de compositores italianos, as máis fermosas sonatas do veneciano Antonio Vivaldi e do milanés Giuseppe Sammartini, dan testemuña delo e espertarán a nosa nostalxia cara ao Sur de Europa. O Oman Consort fai un percorrido cara unha xa entón conformada Unión Europea de 1700, una Europa xentil, amorosa e gallarda, ao tempo que tormentosa, colérica e airada...

<b>G. A. Pandolfi Mealli</b> S. XVII	Sonata prima „La Bernabea“ (op. 4, Innsbruck 1660)
<b>Johann Jakob Froberger</b> 1616-1687	Toccata III (1649)
<b>Girolamo Frescobaldi</b> 1583-1643	Balletto II, Corrente e Passacaglia (Partite et Toccate Libro I, Aggiunta, Roma 1637) Canzona seconda detta la Bernardinia (I Libro delle Canzoni, 1628)
<b>Nicola Matteis?</b> – despois de 1714	Gavotta Contr aria Scaramuccia (Londres1676)
<b>Giuseppe Sammartini</b> 1701–1775	Sonata op 2 Nr. 4 G-dur <i>Andante – Allegro – Affetuoso – Allegro assai</i>
<b>Francisco de Tejada</b> (?)	Espanoleta
<b>Diego Ortiz</b> ca. 1525-despois de 1570	Recercada primera sobre el passamezzo antiguo („Tratado de glosas“, Roma 1535)
<b>Francisco Correa de Arauxo</b> ca. 1575-1654	Tiento de medio registro de tiple de segundo tono (Libro de tientos, Alcalá 1626)
<b>J.J. van Eyck</b> 1589-1657	„Engels Nachtigaeltje“ (solo de fruta)
<b>Antonio Vivaldi</b> 1678 – 1741	<b>Sonata "flauto paradiso"</b> Pasticcio de diferentes Sonatas e Concertos Andante - Allegro - Larghetto e spiritoso – Allegro

O *Oman Consort* é un grupo austríaco de renome internacional especializado na interpretación de música europea dos séculos XVI-XVIII.

Os seus programas pretenden subtraer a música da súa retórica tradicional para transmitir ao público toda a súa emoción, destacando a carismática presenza do seu director, o virtuoso frautista Michael Oman. Dende un recital íntimo de frauta de bico ata un concerto para frauta de Vivaldi, o grupo ten realizado con éxito os proxectos temáticos máis diversos, distinguidos coas mellores mencións por parte da crítica especializada, o que fai do *Oman Consort* un dos grupos barrocos de cámara máis internacionais, presente nos máis importantes festivais de toda Europa.



O grupo presenta programas de música instrumental barroca para diversas formacións dende trío ata orquestra de cámara. En colaboración co selo ORF “edición Música Antiga”, o grupo gravou xa catro Cds, o último deles “Greetings from London – A Collection of Ayres, Fantassies and musical Humours”.



## Michael Oman, frauta de bico

Nado en Linz, Austria, é un dos máis versátiles frautistas da súa xeración. Estuda na Facultade de Música de Viena e no Conservatorio de Amsterdam co profesor Walter van Hauwe. Posteriormente cursa estudos en Pitigliano (na Toscana) co profesor Kees Boeke e tamén en Arezzo. Ten realizado tamén traballos de investigación, sobre todo no eido da música medieval, no conservatorio de Trossigen e na Schola Cantorum de Basilea.

O seu repertorio abrangue baladas e estapidas medievais, música renacentista para consort, sonatas e concertos do Barroco temperá e tardío, así como música dos séculos XX e XXI. Traballou baixo a dirección de nomes como Gerd Albrecht, Philippe Entremont, Peter Schreier, Erwin Ortner, Martin Haselböck, Sir John Eliot Gardiner ou Sir Roger Norrington e ten colaborado con grupos como Ars Antiqua Austria, Armonico Tributo Austria, o conxunto de solistas da Wiener Akademie, a Wiener Kammerorchester, os Wiener Bachsolisten, a Camerata Salzburg etc.



Dende 1989 é profesor de frauta e música de cámara na Universidade privada Anton Bruckner en Linz. Realizou tarefas docentes tamén no Institut für Alte Musik und historischer Aufführungspraxis así como en Universidades austríacas e do estranxeiro (Praga), conservatorios (Klagenfurt, Thessaloniki) e impartiu clases maxistras de música antiga en Krieglach, na Austria Barockakademie e no Schloss Weinberg, entre outros.



### **Martina Schobersberger, órgano e clave**

(Linz, Austria) Cursa estudos de pedagogía instrumental na Anton Bruckneruniversität de Linz (órgano co profesor August Humer) e remata os seus estudos coas mellores cualificacións. Foi profesora na Landesmusikschulwerk de Oberösterreich ao tempo que comeza os

seus estudos no eido da música antiga na Musikhochschule de Trossingen (órgano con Andrea Marcon) e na Schola Cantorum Basiliensis (órgano con Jean-Claude Zehnder e clavecín con Andrea Marcon); obtendo en ambos estudos o título de diplomada. Durante ese tempo foi tamén organista na Marienkirche de Olten en Suíza.

Desenvolve a súa carreira concertística no eido internacional como membro do *Oman Consort*; como solista e instrumentista de diversos grupos de cámara e orquestras, participou en diversas gravacións para a radio e gravacións de CD. Ademais, interésase pola música medieval para *organetto* e é organista da Herz-Jesu-Kirche de Linz.

En 2004 grava o seu primeiro CD como solista de órgano, no que interpreta obras en dous órganos históricos do Renacemento e Barroco, situados en Oberösterreich.



|| o órgano da compañía, doutra maneira ||



**xoves 29 de maio, 20.30 horas**  
**Proxección da película *Zemlya (A terra)*,**  
**de Alexander Dovjenko, 1930, URSS**  
**Música ao vivo para órgano e guitarra eléctrica**

Martina Schobersberger, órgano  
Daniel Oman, guitarra eléctrica

## O órgano no cine...

Os preto de 30 anos que separan a primeira proxección dos irmáns Lumière ata a película *O cantor de Jazz* (1927), considerado o primeiro filme sonoro, non son anos de silencio nos teatros e cines do mundo. Xa en 1897 os irmáns Lumière contratan un cuarteto de saxofóns para acompañar unha das súas proxeccións. A música en directo será un ingrediente clave do chamado cine mudo e mesmo o espazo natural para que algúns grandes intérpretes e compositores desenvolvan a súa capacidade inventiva e improvisativa acorde coa acción da pantalla, como foi o caso do pianista e compositor ruso Dimitri Shostakovich.

Menos coñecida que a historia do piano no cine, pero moitísimo máis espectacular, é a dun instrumento específico xurdido para acompañar a acción na pantalla: o órgano de cine. O órgano de cine aparece nun momento no que, os propios órganos de igrexa, están a sufrir modificacións acordes coa tecnoloxía dos tempos, principalmente no que se refire ao desenvolvemento

do control eléctrico dos seus tubos e rexistros. O órgano de cine era un instrumento enteiramente eléctrico, con catro ou cinco teclados independentes, pedaleiro e grande variedade de “rexistros”. ademais dos tubos sonoros, contaba con diversos efectos, a cargo de instrumentos xeralmente de percusión, como metalófonos, tambores e caixas, triángulo, castañolas, etc. O instrumentista adoitaba estar situado diante do patio de butacas, mirando á pantalla, nunha consola colorista e con iluminación moi fantasiosa.

Aínda que cun uso e unhas características diferentes do seu curmán eclesiástico, no fondo, o órgano de cine recollía e ampliaba unha tradición xa existente de complementos e efectos do órgano de igrexa. En efecto, era costume que a maiores dos tubos sonoros, os órganos contasen con campaiñas, paxariños (que imitaban o canto dos paxaros) e outros “rexistros”, todos eles accionados polo paso do aire, mesmo efectos como “bocas” que arroxbaban, nas festividades especiais, caramelos aos nenos presentes na celebración.

O órgano que hoxe escoitaremos é un instrumento litúrxico, un magnífico exemplar do órgano barroco ibérico. Combinado cun instrumento moderno, como a guitarra eléctrica, sen dúbida nos ofrecerá unha nova visión do cine descoñecida para nós. Non se trata de “restaurar” unha práctica que precisaría dun instrumento *ad hoc*, senón de xuntar dúas artes tan cercanas coma o cine e a música dun xeito sorprendente; de ver e escoitar *doutra maneira* o filme que se proxecta e o órgano da Compañía.

(texto Andrés Díaz Pazos, maio 2008)


### A película...

O cineasta soviético Alexander Dovjenko está considerado como un dos catro mestres do cinema mudo da URSS, xunto con S.M. Eisenstein, Vsevolod Pudovkin e Dziga Vertov. De orixe humilde, este mozo labrego iniciouse axiña nas artes destacando na pintura e a literatura. Mais cara ao remate dos anos 20 revélase como un dos grandes xenios da arte cinematográfica do seu tempo con *Zvenigora* (1927), *Arsenal* (1928)

e *A terra*, a súa obra mestra.

O crítico francés George Sadoul falaba como segue do autor soviético: “Alexander Dovjenko é, sen dúbida, o poeta épico máis importante que produciu o cinema. Na súa obra mestra muda, *A terra*, recorre a tres grandes temas ‘eternos’, sempre presentes na súa obra: o amor, a morte e a natureza sempre fecunda. Mais partindo sempre dun referente contemporáneo como era a colectivización do agro, as súas loitas e dificultades.

O contexto agrícola do filme favorecía enormemente a este labrego ucráino, que introduciu en *A terra* un fervor de gran pintor, con varios *leitmotiv* estéticos inquedantes pola súa sinceridade: a terra traballada so os grandes ceos anubrados, o millo ondeando ao sol, as moreas de mazás baixo



a choiva de outono, o mirasol, flor nacional da Ucraína.

O episodio central é característico: por todas partes, na sombra cálida do verán, atopamos namorados, inmóbeis, os beizos contra os beizos, os alentos nos alentos; a respiración é o único movemento destas parellas de estatuas, paralizadas nunha éxtase cuxa sensualidade violenta non foi endexamais superada no ecrán. Entre os namorados agroma o heroe, secretario do koljós, en brazos da súa compañeira. Na noite a calma dá paso a unha danza frenética e confusa que remata co corpo do namorado no chan, morto pola carabina dun campesiño rico emboscado detrás dun sebe...

Procurárase en van no cinema-ollo de Dziga Vertov, nos golpes de prato das atraccións eisenstenianas, ou nas modulacións sabias do contrapunto pudovkiano, o equivalente deste lirismo épico, deste panteísmo sensual, que sabe dar á comparación máis inxenua unha verdade profunda.”

**Título orixinal: Zemlya. Dirección, guión e montaxe: Alexander Dovjenko. Cámara: Daniil Demutsky. Elenco: Stepan Shkurat, Semyon Svashenko, Yoliya Solntseva, Yelena Marksinova. Ano: 1930. País: URSS. Duración: 75’**


(texto e tradución do texto de Sadoul, Cineclub de Compostela)



### **Martina Schobersberger, órgano**

(Linz, Austria) Cursa estudos de pedagogía instrumental na Anton Bruckneruniversität de Linz (órgano co profesor August Humer) e remata os seus estudos coas mellores cualificacións. Foi profesora na Landesmusikschulwerk de Oberösterreich ao tempo que comeza os seus estudos no eido da música antiga na Musikhochschule de Trossingen (órgano con Andrea Marcon) e na Schola Cantorum Basiliensis (órgano con Jean-Claude Zehnder e clavecín con Andrea Marcon); obtén en ambos estudos o título de diplomada. Durante ese tempo foi tamén organista na Marienkirchede Olten en Suíza.

Colabora cos grupos Aura musicale Budapest, Concerto Stella Matutina, Il Concerto Tivoli, Capriccio Basel, Armonico Tributo Austria, Maurice Steger & Naoki Kitaya's Continuo Consort, conSequenza, Rayuela, Opera stravagante Venedig, l'Orfeo Barockorchester, Philharmonische Camerata Berlin & Gábor Tarkövi (trompeta solista da Berliner Philharmoniker),



Cappella Istropolitana & Albrecht Mayer (oboe solista da Berliner Philharmoniker) e no eido da música contemporánea colabora regularmente como membro da Basel Sinfonietta.

Desenvolve a súa carreira concertística no eido internacional como membro do Oman Consort; como solista e instrumentista de diversos grupos de cámara e orquestras participou en diversas gravacións para a radio e gravacións de CD. Ademais, interésase pola música medieval para *organetto* e é



organista da Herz-Jesu-Kirche de Linz.

En 2004 grava o seu primeiro CD como solista de órgano, no que interpreta obras en dous órganos históricos do Renacemento e Barroco, situados en Oberösterreich.

### **Daniel Oman, guitarra eléctrica**


Daniel Oman, nado en Linz (Austria) en 1974, realiza estudos no Brucknerkonservatorium de Linz de guitarra clásica, jazz e pedagogía musical. Durante ese tempo realiza numerosos concertos como solista, como músico de cámara e como membro de diversas bandas de diferentes estilos musicais.

En 1998 recibe o premio da revista alemana *Akustik Gitarre* „Fingerstyle-itarrewettbewerb“. Elo permitiríalle facer gravacións para as radios NDR e ORF, así como para o selo Acoustic Music Records. En 1999 participa con grande éxito de crítica e público no festival internacional Open Strings Guitar Festival en Osnabrück, Alemaña, sendo recensionada a súa presenza e actuación no festival polo Frankfurter Allgemeinen Zeitung. No 2000 gaña

o primeiro premio no concurso Gitarrewettbewerb des Saarlandes (Alemaña).

En colaboración coa MICA-Austria, edita o seu primeiro CD como solista con composicións propias para solo guitarra co título “constant changin“.

Xa durante os seus estudos interesase e leva a




cabo un intensivo traballo no eido da Música Antiga e os instrumentos históricos. Membro do Oman Consort, especializado na interpretación da música barroca, toca a guitarra barroca e o colascione, baixo a dirección de seu irmá, Michael Oman.

Colabora tamén e realiza numerosos concertos co MTW (Thomas Mandel e Thomas Wall) e o violinista de jazz Rudi Berger, así como o clavecinista xaponés Naoki Kitaya. Grava discos para a *ORF Edition Alte Musik, Acoustic Music Records* (Alemaña) e *Edition Marc Aurel*, Zürich (Suíza).

Nos últimos anos ten realizado concertos en festivais como o Internationale Musikwochen Millstatt, Open Strings Guitar Festival, Gmundner Festwochen, Wiener Schauspielhaus, Porgy und Bess, Radiokulturhaus, así como en Suíza, Alemaña e Italia.

Desde o ano 2000 é profesor da Musikschule da cidade de Linz.





**mércores 4 de xuño**  
**charla-concerto:**  
os instrumentos antigos de tecla  
a cargo do construtor e organista  
Dip. Ing. Herbert Kuen

## O construtor...

Nado e 1940 in Innsbruck/Tirol estuda enxeñería forestal en Viena. Ao tempo, cursa estudos de órgano na Akademie für Musik und darstellende Kunst en Viena e comeza a súa actividade como construtor de instrumentos, coa construción dun órgano de tres rexistros para a capela dunha residencia de estudantes, á idade de 22 anos.

Traballa como organista do órgano histórico Chrisman-Orgel da Igrexa de Schottenfeld de Viena e rematados os seus estudos de enxeñería comeza a traballar coma enxeñeiro forestal, o que lle permite especializarse no coñecemento dos tipos e calidades das madeiras para a construción de instrumentos. Foi organista de diversas igrexas de Innsbruck entre elas a Igrexa da Corte na que toca o famoso Ebertorgel (1558), colabora con diversas formacións musicais e ofrece tamén concertos como solista.

Dende 1967 é membro da comisión de expertos para a protección dos órganos da diocese de Innsbruck, como experto en construción de instrumentos de tecla.

Como construtor de instrumentos de tecla anti-gos goza dunha ampla reputación en toda Europa e os seus instrumentos son solicitados polos máis importantes festivais, ciclos de concertos e conservatorios de toda Europa. Ten construído un órgano de 5 rexistros (1969), un de dous teclados e oito rexistros e pedal, un virxinal flamenco segundo Ruckers (1982) e un total de ata 20 instrumentos antigos de tecla entre os que se atopan un regal, un piano tanxente, un clavicordio e diversos tipos de claves, espinetas, virxinales e un claviciterio.

Foi membro do equipo que traballou nas labores de restauración de grandes órganos como o da catedral de Ciudad Rodrigo (Salamanca) e a reconstrución do órgano de Celanova (Ourense). Ademais, presta servizos para a posta a punto de instrumentos de tecla antigos en diversos festivais internacionais de música como as Innsbrucker Festwochen der alten Musik ou Landestheater de Innsbruck, entre outros. Representa, de maneira habitual, ao *Land Tirol* en numerosos congresos internacionais e reunións de expertos en conservación e construción de órganos e instrumentos antigos de tecla.

## Os instrumentos...

### O órgano

Construído en 1801 polo compostelán José Sanz, para o Colexio de Capeláns de Sancti Spiritus, que celebraba entón os seus cultos no templo. Foi restaurado polo taller de organería de Gerhard Grenzing en 1998, con motivo do V Centenario da Universidade de Santiago. Situado no coro alto da igrexa, no lado esquerdo, o órgano é de tipo polifónico con teclado único de ventá con 47 notas, C-d5 e oitava curta, e destaca polos seus vinte e catro xogos, que inclúen sons afrautados, címbalas, cornetas, trompetas reais ou claríns, entre outros. Se ben tardío, segue a representar as características propias do órgano barroco español. O seu temperamento é mesotónico.

### Organetto

Construído en 2007 por Herbert Kuen, Innsbruck (Austria) a partir de diferentes modelos, entre eles, diversos cadros de Hans Memling c.1480. (Instrumento cedido por Belén Bermejo)

### Regal

Herbert Kuen, Innsbruck, Austria, 1993. Reprodución segundo modelo de Michel Klotz, (Sur de Alemaña finais do s. XVI), Germanischen Nationalmuseum Nürnberg. O modelo orixinal está decorado con pinturas. (Instrumento cedido polo construtor).

### Clave

Clave franco-flamenco de dous teclados. Construído por Jaques Way & Marc Ducornet. París 1993 (Instrumento cedido por Alicia Alcayna).

## Programa...

### Organetto

#### ***Da tablatura de Bonifacius Amerbach (anterior a 1500):***

Pierre Moulu

Lied „Ami souffre que je vous aime“

Heinrich Isaac (1495)

Lied „Innsbruck ich muss dich lassen“

### Regal

#### ***Da tablatura de Bonifacius Amerbach:***

Johannes Weck (anterior a 1500)

2 Hoppertänze

Do Lady Nevell's Book (1591):

William Byrd

The bagpipe an the drone

The Morris

Ye souldiers dance

### Clave

Nicolas Antoine Lebègue  
(1631-1702)

Gigue d'Angleterre fort viste

Johann Jakob Froberger

Suite in C (sopra la dolorosa perdita della  
Real Majedi Ferdinando IV, Re' de Romani...)

### Órgano

Guillaume-Gabriel Nivers (1665)

Diversas obras para diferentes rexistros

Johann Jakob Froberger  
(1616-1667)

Ricercar

Girolamo Frescobaldi  
(1583-1643)

3 Praeambuli

o órgano da compañía, doutra maneira

